



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

Expte. núm. 2024/G003/002513

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA. (Subvencións dirixidas ás entidades organizadoras das festas patronais parroquiais no Concello de Sada para o ano 2024 - LS 3.2. do PES 2024-2026)

ANTECEDENTES

- 1.Bases reguladoras da convocatoria, publicadas no BOP nº 218, do 12 de novembro de 2024 e extracto da convocatoria, publicado no BOP da Coruña nº. 222, do 18 de novembro.
- 2.Acta da Comisión de Valoración, de data 30 de decembro de 2024, na que se propón o resultado da revisión da documentación de xustificación, proponendo os importes de axuda correspondentes por un importe global de 11.5282,25 euros.
- 3.Informe de fiscalización JPB 387/2024 do 30 de decembro de 2024.

RESOLVO:

Primeiro.- Dispoñer o gasto en concepto de subvención para e a entidades organizadoras das festas patronais parroquiais para o ano 2024 por importe global de 11.620,09 euros.

ENTIDADE	CIF	CONCESIÓN
A.VV. ARMENTAL DE CARNOEDO	G15047962	1.126,64
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CANDIL DE MONDEGO	G15427370	2.069,87
ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA VECIÑAL O CASTRO	G70610407	0
ASOCIACIÓN DE FESTAS DE MEIRÁS 2012	G70320221	3.838,43
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PLÁTANO DE MOSTEIRÓN	G15640204	4.585,15
TOTAL		11.620,09

Segundo.- Recoñecer a obriga por importe global de 11.582,25 euros polo cumprimento comprobado da súa condición de beneficiarias e polo importe de axuda xustificado correctamente por cada unha delas, con cargo á aplicación orzamentaria 338.48000



CONCELLO DE SADA

Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>

ENTIDADE	CIF	XUSTIFICADO
A.VV. ARMENTAL DE CARNOEDO	G15047962	1.126,64
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O CANDIL DE MONDEGO	G15427370	2.032,03
ASOCIACIÓN CULTURAL DEPORTIVA VECIÑAL O CASTRO	G70610407	0
ASOCIACIÓN DE FESTAS DE MEIRÁS 2012	G70320221	3.838,43
ASOCIACIÓN DE VECIÑOS O PLÁTANO DE MOSTEIRÓN	G15640204	4.585,15
TOTAL		11.582,25

Terceiro.- Ordenar á Tesouraría municipal o pagamento das axudas aprobadas, previa comprobación do cumprimento das súas obrigas tributarias consonte o artigo 31.7 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Cuarto.- Notificar esta resolución ás entidades beneficiarias de acordo coas bases reguladoras e de conformidade co artigo 45 da Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia.

Quinto.- Contra esta resolución, definitiva en vía administrativa, e as persoas físicas ou xurídicas afectadas poderán interpoñer, con carácter potestativo, recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao de recepción desta notificación, ou ben interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do contencioso-administrativo de A Coruña, durante o prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao de recepción desta notificación. No caso de interpoñer o recurso de reposición potestativo, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que aquel sexa resolto expresamente ou se produza a súa desestimación por silencio, transcorrido un mes desde a súa interposición sen resolución expresa. Non obstante, as interesadas poderán exercitar calquera outro recurso que estimen pertinente.

Documento asinado dixitalmente polo alcalde, Óscar Benito Portela Fernández, e a secretaria, María del Carmen Seoane Bouzas.



Edificio municipal de uso administrativo
Avda. da Mariña, 25 (Sada)
15160 Sada
(A Coruña)
Tfno.: 981 620 075 Fax.: 981 621 274
<https://sede.sada.gal>